

ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DE LISTAXE DE CONTRATACIÓN DE PEÓN FORESTAL PARA O OBXECTO “LIMPEZA FORESTAL” NO CONCELLO DE CURTIS MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN.

Sendo as 09:45 horas do día 07 de maio de 2026, reúnense nas oficinas municipais sitas en Curtis os membros que forman parte do Tribunal Cualificador designado por Resolución da Alcaldía núm. núm. 260/2026 de data 05/05/26, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido.

Constitúen dito Tribunal:

Presidenta:

Susana Nieto Santos, técnica persoal laboral fixo da administración local.

Secretario:

Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.

Vogais:

Fernando Ares Miraz, operario de servizos funcionario de carreira da administración local.

José Antonio García Varela, peón grupo emerxencias persoal laboral fixo da administración local.

Jesús Manuel Conde Fernández, peón grupo emerxencias persoal laboral fixo da administración local.

Procédese á elaboración do exercicio da fase de oposición do proceso selectivo de acordo ao establecido pola base oitava do mesmo, isto é:

“PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

FASE DE OPOSICIÓN: proba práctica.

Proba práctica: Puntuación máxima: 8 puntuación mínima: 4

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada co posto de traballo a desenvolver, proposta polo tribunal cualificador.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os criterios de preferencia marcados no art. 14.6 da citada Orde relativos aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, que serán os que se especifican a continuación e polo seguinte orden de preferencia:

a) *Persoas desempregadas que participaran en talleres de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co ámbito forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinería.*

b) *Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.*

c) *Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.*

d) *Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes de primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*

e) *Persoas paradas de longa duración.*

f) *Persoas con discapacidade.*

g) *Persoas desempregadas que agotasen as prestacións e subsidios por desemprego aos que tivesen dereito.*

h) *Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*

i) *Persoas trans.*

j) *Persoas emigrantes*

FASE DE CONCURSO: Puntuación máxima 2 puntos

Nesta fase valorarase posuir o carnet de conducir tipo B cunha valoración de 2 puntos, o cal deberán ter aportado na fase de presentación de instancias de conformidade co establecido na base terceira apartado cuarto."

Os membros do Tribunal acordan que a proba práctica consista na realización de varios exercicios relacionados coa maquinaria e traballos propios do posto, dos que queda reflexo no propio expediente sobre as deliberacións do tribunal. Cada pregunta valorarase cun total de dous puntos sobre un máximo de oito puntos do total a acadar.

Sendo ás 10:00 horas, procédese ao chamamento dos aspirantes de acordo ao establecido polas bases, así coma a súa identificación por medio da presentación do DNI.

Realizado o chamamento, constan coma presentados e non presentados os seguintes aspirantes:

DNI	Apelidos e Nome	Asiste
*2*0*1*2*	Delgado Castillo, Jhonatan Arley	SI
*8*8*7*8*	Gómez Ansede, Pilar	SI
*2*4*5*7*	Paz Ramos, Manuel	SI
*2*5*7*2*	Regueiro Vázquez, María	SI
*8*9*6*6*	Sánchez Souto, María Belén	SI
****041**	Zereiby, Kenatha	SI

Unha vez realizada a proba práctica, os candidatos presentados obtiveron as seguintes puntuacións:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
-----	-----------------	------------

*2*0*1*2*	Delgado Castillo, Jhonatan Arley	6,00
*8*8*7*8*	Gómez Ansede, Pilar	5,00
*2*4*5*7*	Paz Ramos, Manuel	8,00
*2*5*7*2*	Regueiro Vázquez, María	6,00
*8*9*6*6*	Sánchez Souto, María Belén	7,00
****041**	Zereiby, Kenatha	4,00

Para dar cumprimento ao establecido na base oitava sobre a acreditación do coñecemento da lingua galega, o tribunal acorda realizar a proba íntegramente en galego, polo que todos os candidatos obteñen a consideración de aptos.

Una vez realizada a fase de oposición, procédese á valoración da fase de concurso coas seguintes puntuacións:

DNI	Apellidos e Nome	Puntuación
*2*0*1*2*	Delgado Castillo, Jhonatan Arley	2,00
*8*8*7*8*	Gómez Ansede, Pilar	2,00
*2*4*5*7*	Paz Ramos, Manuel	2,00
*2*5*7*2*	Regueiro Vázquez, María	2,00
*8*9*6*6*	Sánchez Souto, María Belén	0,00
****041**	Zereiby, Kenatha	2,00

Finalizado o proceso selectivo, resultan as seguintes puntuacións totais:

DNI	Apellidos e Nome	Oposición	Concurso	Total
*2*4*5*7*	Paz Ramos, Manuel	8,00	2,00	10,00
*2*5*7*2*	Regueiro Vázquez, María	6,00	2,00	8,00
*2*0*1*2*	Delgado Castillo, Jhonatan Arley	6,00	2,00	8,00
*8*8*7*8*	Gómez Ansede, Pilar	5,00	2,00	7,00
*8*9*6*6*	Sánchez Souto, María Belén	7,00	0,00	7,00
****041**	Zereiby, Kenatha	4,00	2,00	6,00

Unha vez realizada a devandita proba, os aspirantes que superaron o proceso selectivo obtiveron a seguinte orde de prelación, e atendendo aos criterios de desempate establecidos na base oitava, de cara a confeccionar a listaxe de contratación obxecto do proceso selectivo:

Orde	DNI	Apellidos e Nome
1º	*2*4*5*7*	Paz Ramos, Manuel
2º	*2*5*7*2*	Regueiro Vázquez, María
3º	*2*0*1*2*	Delgado Castillo, Jhonatan Arley
4º	*8*8*7*8*	Gómez Ansede, Pilar
5º	*8*9*6*6*	Sánchez Souto, María Belén
6º	****041**	Zereiby, Kenatha


Os aspirantes disporán dun día hábil a efectos de presentar as alegacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido na base novena. No caso de que non existan alegacións, as puntuacións provisionais serán definitivas.

Sendo as 14:00 horas, levántase a sesión, en Curtis, 07 de maio de 2026

O presidente



A secretaria



Os vogais

